

Sr. Alcalde Presidente
do Concello de Vigo

PAGAMENTO DO PREZO XUSTO POLA EXPROPIACIÓN FORZOSA DOS BENS
E DEREITOS EXPROPIADOS POLA EXECUCIÓN DO PROXECTO
RECUAMENTO LMT DC BAL708-702 E BAL 708-706 E CS BAIXADA GÁNDARA
(VIGO). IN407A 2022/025-4

De conformidade co disposto no artigo 49 do decreto de 26 de abril de 1957 que aproba o regulamento de expropiación forzosa, esta xefatura territorial resolveu sinalar o día **21 de xuño de 2024**, ás **13 horas**, para o pagamento dos prezos xustos determinados polo Xurado de Expropiación de Galicia, nas dependencias da casa do concello, nas que serán convocados todos os afectados mediante comunicación individual por parte desta xefatura territorial. Informámoslle, así mesmo, que o citado artigo dispón a presenza do alcalde e do secretario do concello neste acto.

Para poder realizar o pagamento das expropiacións, solicitamos que se publique a resolución de afectados no taboleiro de anuncios da casa do concello e se nos asigne unha sala para este fin.

A xefa territorial

Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)



1950

1950

1950

1950

1950

1950

1950

1950

1950

1950

1950

1950

1950

1950

1950

1950

1950

1950

Resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se sinala a data para o pagamento dos prezos xustos polas imposicións de servidumes de paso para a execución do proxecto denominado Recuamento LMT DC Bal708-702 e Bal 708-706 e CS Baixada Gándara (VIGO), no Concello de Vigo, do que ten a condición de beneficiaria da expropiación a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A.. IN407A 2022/025-4

O Xurado de Expropiación de Galicia notificou aos interesados, á empresa beneficiaria da expropiación e a esta xefatura territorial os acordos que determinan os prezos xustos polo establecemento das servidumes de paso nas fincas que se citan na relación que se anexa.

De acordo có establecido nos artigos 48.1 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, e 48.2 e 49 do seu regulamento aprobado mediante decreto de 26 de abril de 1957.

RESOLVO, sinalar o día 21 de xuño de 2024, ás 13 horas, na casa do Concello de Vigo como lugar de convocatoria para o pagamento dos prezos xustos das fincas situadas nese concello.

A este acto deberá concorrer o Sr. Alcalde, o Secretario do concello, o representante desta xefatura territorial e o representante da empresa beneficiaria da expropiación. Os expropiados recibirán unha liquidación detallada do pagamento e farase constar nunha acta as persoas que concorrán e as incidencias producidas.

Esta resolución será comunicada ao alcalde do Concello de Vigo para a súa publicación no taboleiro de anuncios da casa do concello, e notificada individualmente aos afectados.

A xefa territorial

Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

Recuamento LMT DC Bal708-702 e BAL708-706 e CS Baixada Gándara			
Nº	Paraxe	Referencia catastral	Titular
1	CM Pereiras Comesaña 70	9321920NG1792S0002PA	Grupo Vigourban S.L.



